

## **OBRADOIRO DE FLORES SECAS: RECOLECCIÓN, DETERMINACIÓN, PENSADO E USOS MEDICINAIS.**

**GARCÍA GARCÍA, Purificación**  
*IES Ferrol Vello*

### **UNIDADE DIDÁCTICA DESTINADA ÓS ALUMNOS DE 3º E 4º DA ESO**

#### **OBXECTIVOS:**

- Aplicar os coñecementos adquiridos en 1º e 2º da ESO sobre Botánica.
- Aprender a observar e apreciar a diversidade de especies vexetais do noso entorno.
- Apreciar o valor das plantas silvestres como a fonte de produtos activos utilizados pola medicina popular.
- Aprender o proceso tecnolóxico do secado, pensado, e conservación das flores secas.
- Iniciarse no proceso de determinación con claves e guías do material recollido.
- Aplicar este traballo científico ó mundo laboral co obxecto de facer algo artesán, que se poida vender a bo prezo no mercado, e deste xeito financiar a excursión de 4º.

#### **FASES DA UNIDADE:**

1. Durante o curso de 3º da ESO propónselles ós alumnos a fabricación de marcapáxinas e calendarios artesanais, utilizando flores secas, co motivo de conseguir financiación para a excursión de 4º a Andorra.

Unha vez anotados os alumnos interesados, prográmanse algunhas saídas a zonas preto do instituto para poder recolectar flores e follas que poidan pensarse e utilizarse posteriormente.

Ditas saídas realízanse en diversos momentos do curso, outono, primavera e verán, para que o material recollido sexa o máis amplo posible.

Aprovéitase a ocasión para explicarlles, hábitat, utilidade medicinal (se a ten), e outras curiosidades dos exemplares recollidos.

Deste material utilízanse algúns exemplares para unha determinación sinxela a nivel de xénero e con guías. Unha vez determinados cada alumno buscará información en Internet sobre o espécime concreto, sobre todo referente á súa utilidade para home, como fonte de medicamentos ou outros produtos utilizados na industria.

Confecciónanse unhas fichas en cartolina, péganse os exemplares determinados e escríbese a información. Posteriormente plastifícanse as fichas.

Cando remata a actividade no segundo trimestre do ano, faise unha exposición das fichas.

Previamente ás saídas, dáselles algunhas normas importantes para non deteriorar o material, e tamén para recolectar con sentido común, sen destrozalo, respectando as especies protexidas e recollendo soamente o material que se vai poder prensar.

2. É importante contar cun tempo de traballo despois da chegada ó centro, xa que é moi importante realizar o prensado o antes posible, debido ó seu rápido deterioro.

Ó chegar ao centro váise ó laboratorio de Bioloxía e procédese ó prensado:

Os alumnos son informados dos motivos de dito proceso tecnolóxico necesario para extraer toda a auga dos exemplares para permitir a súa conservación.

Por grupos prepáranse as bandexas da seguinte forma: cartón, papel de xornal, e papel secante, e a continuación colócanse as flores, seguindo as instrucións do profesorado, é dicir, por cores, grosor, especies.....

De cada especie déixase un exemplar para o seu traballo cas guías. Intentárase a determinación a nivel de xénero.

Unha vez preparadas as bandexas cóbrense con papel secante, papel de xornal e cartón e xa están preparadas para a prensa.

3. Durante o curso de 4º da ESO retómase a unidade. O obxectivo deste ano é utilizar o material prensado para fabricar os calendarios e os marcapáxinas.

O principal problema é encontrar horas para poder traballar cos alumnos, organízase un horario con estudos, tutorías, recreos, para ter algo de tempo con cada curso.

O Seminario de Bioloxía proporcionáalles:

- Cartolina de 300 ou 250 g.
- Fotocopias a cor de calendarios do próximo ano.
- Alkil.
- Táboa de cutter, cutter, pinces, tesoiras, etc.
- Plásticos e plastificadora.

Segundo ás habilidades dos rapaces repártese o traballo: cortar as cartolinas e os marcapáxinas, facer ás composicións, ou pegalas.

Unha vez pegadas e secas plastifícanse.

## RESULTADOS:

1. En xeral os alumnos disfrutaban moito coa actividade, primeiro porque hai saídas ó campo e segundo porque é unha actividade manipulativa e creativa moi relaxante.
2. Pódese dicir que a maioría dos alumnos descubren a inmensa cantidade de especies vexetais que teñen no seu entorno.